

O financiamento da obra realizarase mediante fondos procedentes da Unión Europea

Comezan os trámites para a adquisición do solo necesario para o paseo fluvial do río de San Pedro

Páxinas 12-13



Concello de  Oleiros

Renóvase o pavimento do paseo da ría

Páxina 10

Vivir en Oleiros

Número 66
Abril 2020
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Entre todos e todas recuperaremos a convivencia

Fagámolo posible

■ Grazas a todos e todas polo exemplar comportamento amosado ante este angustioso confinamento que separa as nosas vidas. A unión e colaboración do conxunto dos veciños e veciñas permitiranos superar esta devastadora pandemia para poder convivir novamente coas nosas familias e amizades. O Concello de Oleiros tamén está a realizar un esforzo superlativo para que ninguén quede polo camiño e saiamos desta situación canto antes.



Páxinas 4,5,6,7 e 8

O novo parque costeiro de Bastiaqueiro levará o nome das Trece Rosas

Páxina 17

A xustiza dálle a razón ao Concello ante as ilegalidades e abusos de Fenosa

Páxina 16

A homenaxe central do pobo galego a Isaac Díaz Pardo, en Oleiros

Páxina 18

A obra do túnel de Sol y Mar comezará este ano

Atópase en fase de licitación a obra de mellora da intersección de Sol y Mar, na N-VI ao seu paso por Perillo. A construción do túnel e da rotonda nesta zona ten un importe de 12,5 millóns de euros e executarase en 34 meses.

Páxina 15

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Goberno responsable

Estamos a vivir días moi duros. Ese maldito virus creado nos laboratorios do grande imperio para destruír as economías do mundo, está a castigarnos máis do agardado. Perdemos amigos aos que nin podemos despedir, fomos privados da nosa liberdade, vivimos angustiados ante un posible contaxio, assistimos a despedidos masivos de moitos compañeiros e compañeiras...

É innegable que xa estamos inmersos nunha forte crise económica. Desde Alternativa dos Veciños temos moi claro que non a superaremos desde a demagogia nin desde a irresponsabilidade.

É o momento dos políticos e das políticas para non deixar atrás ás persoas máis vulnerables. Os que avogan por non cobrar taxas e impostos son os mesmos que despois imponen a austeridade e os recortes que predica o neoliberalismo, cuxos resultados por desgraza xa coñecemos.

En Oleiros, as políticas sociais seguirán a ser a prioridade do noso Goberno. Estamos preparados para protexer as persoas que máis o necesiten, especialmente cando haxa nenas e nenos implicados. Tampouco descoidaremos os nosos maiores, nin as persoas dependentes, que merecen

todo o noso agarimo e atención. E, por suposto tamén, seguiremos a fomentar o ocio e a convivencia mediante as nosas políticas culturais e deportivas.

Continuaremos a desenvolver unha xestión eficiente e rigorosa das arcas públicas para poder manter o esforzo inversor en obras e servizos. Primeiramente ocuparémonos de manter e conservar o que xa temos, pero agardamos un cambio nas directrices do Estado para que desde as administracións públicas poidamos impulsar a recuperación do país mediante a realización de obras públicas que

melloren a calidade de vida e contribúan a crear emprego.

Ao longo dos anos demostramos ser un Goberno serio e responsable e, por suposto, non abandonaremos esa liña. Como sempre, poñeremos todo o noso empeño, a nosa forza e a nosa experiencia para saír desta complicada situación canto antes.

E por suposto, o noso inmenso agradecemento para todas as persoas que desde os seus respectivos ámbitos están a loitar contra esta peste. Especialmente para todo o persoal sanitario, que están a dar as súas vidas por salvar as nosas.



Partido Popular de Oleiros

O Partido Popular de Oleiros rógalle ao Sr. García Seoane que suspenda esta publicación e destine os fondos desta -uns 300'000? entre elaboración, impresión e distribución nos próximos 4 anos - a axudas ás familias de Oleiros que o precisen.



Grupo Municipal Socialista

Crear un fondo de continxencia con cargo a gasto improdutivo

En pleno confinamento polo maldito virus, queremos compartir convosco a nosa máis profunda gratitude aos profesionais de todos os sectores que están dando o mellor de si mesmos nesta crise, as nosas máis sinceras condolencias ás familias das vítimas

e o noso apoio e ánimo aos que están loitando contra o virus. Por moi complicada que sexa a situación que estamos vivindo, superarámola e sairemos adiante co noso esforzo e tesón, como sempre fixemos os galegos. Tamén queremos trasladar ao

Concello de Oleiros a nosa proposta de crear un fondo de continxencia específico para afrontar a grave situación económica que temos por diante, con cargo a partidas de gasto improdutivas ou claramente prescindibles, como son a publicación e

distribución de Vivir en Oleiros (cun custo considerable), e as intervencións do alcalde en diversos medios de comunicación. Estes fondos serían destinados a paliar as dificultades que atravesarán algúns veciños e veciñas nos próximos meses.



Bloque Nacionalista Galego

Novos tempos e a necesidade do público

A aparición da COVID 19 ou Coronavirus, xunto coa resposta dada polo Estado e as consecuencias na vida cotiá da cidadanía, debuxa diante de nós unha nova realidade arredor da que é necesario reflexionar. O que é un problema evidente de saúde pública tense presentado como unha "guerra" por parte da maioría dos xestores. As restricións da liberdade de movementos, xunto coa deterioración económica e social que forzosamente está a provocar un confinamento xeralizado, implican a necesidade, cremos que obvia, de tomar medidas valentes de tipo social para paliar a falta de ingresos que afecta (e afectará) a autónomos e persoas asalariadas, e xa non

digamos a colectivos sociais xa en por si precarizados. A sanidade pública, a gran maltratada polas políticas de austeridade na última década, emerge como a única solución viábel neste intre: a privada busca o beneficio, non a solución a unha emerxencia social. Dun xeito paradoxal, os que presumiron durante anos de rebaixas fiscais teoricamente positivas para a maioría dos contribuintes son os que hoxe reclaman maiores achegas dos orzamentos públicos para amañar perdas privadas. É algo que nos debería servir para reflexionar sobre que modelo de sociedade queremos: o que facilite a convivencia ou o que nos faga cada día máis individualistas e insolidarios.



Ciudadanos

Ante a alarmante crise sanitaria que estamos vivindo no noso país, por efecto da infección polo coronavirus Covi-19, e ante a inminente crise económica e social que iso leva en moitos dos fogares dos nosos veciños e veciñas, desde Cidadáns solicitamos ao Equipo de Goberno de Oleiros, que adopte as medidas legais necesarias, para ampliar o período do prazo de pagamento do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) e de nichos, vaos e

terrazas, todos de vencemento o próximo día 30 de abril, ata que finalice o Estado de Alarma, e ata contemplar a posibilidade de suspender ou bonificar excepcionalmente a súa recadación neste ano 2020. Desde Cidadáns, entendemos, que un concello saneado economicamente como o noso e con superávit manifesto no exercicio fiscal de 2019, atópase en condicións óptimas para colaborar de xeito activo e directo na economía da súa veciñanza.

EDITORIAL • Nas nosas mans está

◆ Desde a 2ª Guerra Mundial non sufriramos unha crise sanitaria e económica tan violenta e destrutiva como esta peste do coronavirus.

Unha guerra encuberta que mata sen balas e que paraliza o progreso e o crecemento de gran parte dos países máis desenvolvidos do mundo.

Unha guerra de ensaio para outras que acontecerán e que está poñendo a proba a capacidade de reacción de gobernos e países.

Unha guerra na que, unha vez máis, os globalizadores donos dos imperios da comunicación, as farmacéuticas, a alimentación a grande escala, incrementarán as súas multimillonarias contas arrastrando a miles de empresarios e autónomos a pechar as súas empresas, engrosando a lexión de persoas paradas.

Unha guerra da que falei en días pasados e expuxen a miña opinión sobre os seus autores, e que sigo a manter a pesar das voces discrepantes, porque tamén lles afecta aos supostos autores. Por sorte, non poden aínda, de momento, controlar os ventos nin as tempestades, e os virus non se paran con muros nin con aramadas de concertinas.

Para saír desta grave situación que nos crearon temos que arrimar todos o ombro para arrincar con forza e lograr unha pronta recuperación.

Non pretendamos vivir de subsidios ou subvencións. Estas son pan para hoxe e fame para mañá.

Colaboremos do mellor xeito posible cos nosos empresarios, para que non teñan que pechar definitivamente e consecuentemente incrementar a bolsa do paro, negociando e pactando fórmulas que beneficien ás dúas partes.

Fagamos oídos xordos aos políticos demagogos e aos tertulianos apocalípticos que constantemente lle fan o caldo gordo a aqueles que pretenden manter o noso país nunha crise permanente.

Aproveitemos esta crise para facernos máis humanos e solidarios. Coidemos os nosos maiores. Falemos máis cos nosos fillos e fillas e fagámoslles ver o dura que pode ser unha vida futura e a importancia de contar coa familia. Esta situación debe facernos recapacitar para lograr, entre todos, afrontar os novos retos que se nos presentan. Non deixemos que os destructores e os monopolistas decidan o futuro das nosas familias e da nosa sociedade.



O Concello combate o coronavirus priorizando as políticas sociais ▼

◆ O pobo de Oleiros non se libra do ataque que están a sufrir os cidadáns e as cidadás do mundo. O coronavirus está a crear unha situación moi adversa ante a que o Concello está a actuar con todos os medios que dispón. A atención e coidado ás persoas maiores e dependentes e a axuda ás familias que se atopan en situación de vulnerabilidade están a ser as prioridades das actuacións municipais. O Goberno municipal traballa arreo para superar esta situación canto antes, sen anuncios populistas nin medidas demagóxicas.

• EMERXENCIA SOCIAL ▼



● As 290 familias -730 persoas- que se atopan en situación de emerxencia social están a contar coa axuda do Concello para superar esta situación. No mes de marzo repartíronse 19.559 kg de diferentes alimentos de primeira necesidade, ademais de bonos para a adquisición doutros alimentos e produtos nos supermercados.

Estase a tratar cunha especial atención os nenos e nenas aos que o Concello lles pagaba de maneira íntegra o gasto de comedor escolar. As súas familias están a recibir esa axuda que, durante o curso escolar, se canalizaba a través das ANPA.

De producirse un incremento do número de familias en dificultades, o Concello está preparado para cubrir as súas necesidades básicas.

• AXUDA NO FOGAR ▼



● Un total de 66 traballadoras e traballadores, contratados polo Concello á empresa Fepas, acoden aos domicilios de máis de 200 persoas maiores e dependentes que precisan de axuda por atoparse soas ou en ámbitos familiares complicados. Principalmente, realízanse tarefas de coidados, hixiene persoal ou entrega de comida a domicilio.

As persoas usuarias deste servizo pagan unha pequena parte do seu custo, que asume maioritariamente o Concello. Desde a declaración do Estado de Alarma déronse de baixa 41 persoas que vivían soas e pasaron a estar confinadas con algún dos seus familiares.



• **TELEASISTENCIA** ▼



● Aquelas persoas maiores que o precisan teñen á súa disposición un servizo de teleasistencia. A través da liña telefónica, con pulsar o botón dunha pulseira ou dun medallón que levan encima, poden contactar a través de “mans libres” con profesionais preparados para dar resposta adecuada ás crises presentadas, as 24 horas do día e os 365 días do ano.

• **FAMILIAS CON MENORES** ▼



● Os máis pequenos e as súas familias están a vivir momentos dunha elevada carga de estrés, que son difíciles de xestionar emocionalmente, ante o que se realizan continuas intervencións por parte de traballadores municipais. O Concello tamén mantén o contacto co equipo de orientación dos centros educativos para coordinar determinadas situacións complicadas.

• **APOIO PSICOLÓXICO** ▼



● Todos os veciños e veciñas de Oleiros dispoñen dun servizo de atención psicolóxica ante posibles problemas derivados desta complicada situación de illamento nos domicilios. Aquelas persoas que precisen axuda poden chamar ao 981 610 000, extensión 3120, e serán atendidos por unha psicóloga.

• **PERSOAS MAIORES EN SOIDADE**



● O peche dos centros de día, tanto públicos como privados, creou novas necesidades. As persoas maiores que acudían a estes centros e non contan cunha rede familiar están a ser asistidos polo Concello para as comidas, a toma das medicacións... Ademais búscase acompañar e dar o agarimo que fai falta para afrontar esta situación o mellor posible.

• **ASISTENCIA NAS CORENTENAS**



● Existe un contacto continuado cos centros hospitalarios para atender posibles necesidades dos veciños e veciñas contaxiados. No momento que son dados de alta, cando teñen que quedar en corentena nas súas casas, o Concello está a prestar todo tipo de axuda. Sobre todo en casos de persoas maiores, estase a colaborar nas compras de alimentos e noutras xestións rutineiras que non se poden realizar sen saír da vivenda.

• **ACOMPANÑAMENTO A DISTANCIA**



● Desde a área de Servizos Sociais existe un contacto permanente coas persoas maiores que viven soas. Ademais de continuas chamadas telefónicas, nas que colaboran persoas voluntarias, están a empregarse medios telemáticos para comunicarse coas persoas que participan nos distintos programas de envellecemento activo para realizar exercicios e actividades nos domicilios.

• VIOLENCIA DE XÉNERO ▼



● Por desgraza, o virus non acaba coas lacras da nosa sociedade. En colaboración coa Garda Civil, a Policía Local e o persoal de Servizos Sociais realizan un importante traballo de seguimento e protección das vítimas de violencia de xénero. Aquelas mulleres que sufran algún tipo de violencia nos seus domicilios poden chamar ao 981 610 000 ou ao 016.

• REPARTO DE MASCARILLAS E GUANTES ▼



● Entre doazóns e entregas por parte da Deputación, da Xunta e do Estado, o Concello leva recibido 13.094 mascarillas e 7.268 guantes. Ademais das que se repartiron entre o persoal municipal para que desempeñase o seu traballo con seguridade, distribuíronse importantes cantidades nos centros de saúde e nas residencias de maiores. Tamén se deu este material en controis policiais de estrada e en establecementos comerciais que permanecen abertos, para poder chegar así aos veciños e veciñas do municipio que teñen que saír dos seus domicilios

• CUMPRIMENTO DO ESTADO DE ALARMA ▼



● A Policía Local está permanentemente nas rúas para velar polo cumprimento do Estado de Alarma. As forzas de seguridade non poden deixar de realizar o seu cometido para participar en actividades lúdicas de carácter particular nun momento de tal gravidade como o actual.

Un concello vivo

• ASESORAMENTO PARA TRAMITACIÓNS ▼

● Son moitas as persoas que están a sufrir ERTE ou reducións dos seus ingresos e que precisan de asesoramento e axuda para realizar trámites ante outras administracións para solicitar prestacións, subsidios ou dependencia nos casos de persoas maiores. O departamento de Servizos Sociais e Igualdade e o Centro Municipal de Formación ofrecen este tipo de asesoramento e axudan na presentación da documentación requirida.

• DESINFECCIÓN DE ZONAS PÚBLICAS ▼



● De maneira diaria, estanse a desinfectar por parte de empresas contratadas polo Concello e polo Servizo Municipal de Emerxencias as zonas públicas de maior concorrencia. É o caso das proximidades dos centros de saúde, os exteriores das farmacias, as beirarrúas e accesos aos supermercados e outros establecementos abertos, as zonas de contedores do lixo ou as paradas de transporte público.

• SINGULARIDADE VECIÑAL ▼

O pobo de Oleiros está a amosar, unha vez máis, a súa singularidade e a súa calidade humana. Ao exemplar cumprimento do Estado de Alarma e de todas as medidas decretadas polo Goberno central, que permite reducir o número de contaxios, hai que engadirlle a colaboración e boa disposición para axudar ao conxunto da comunidade para superar canto antes esta pandemia.

A forza do movemento veciñal posibilita un contacto permanente e recíproco entre o Concello e a cidadanía, o que permite detectar de inmediato as situacións de vulnerabilidade. Ademais da axuda que se presta desde a administración local, é de eloxiar a todas as persoas que nunca dubidan en botar unha man desinteresadamente a aqueles veciños e veciñas que o precisan.



O Concello amplía o prazo de pagamento das taxas e impostos



■ *Ante a pandemia do COVID-19, o Goberno municipal adoptou unha serie de medidas fiscais extraordinarias.*

- Todos os procedementos tributarios iniciados polo Concello suspéndense ata o 30 de abril de 2020.
- Durante este período de suspensión, os suxeitos pasivos non están obrigados a realizar ningún trámite ante o Concello.
- Os prazos de prescrición e caducidade de calquera acción e dereito quedarán suspendidos durante o prazo e vixencia do estado de alarma, e no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.
- O prazo para contestar requirimentos de achega de documentos de natureza tributaria suspéndese ata o 20 de maio de 2020.
- Non se devindicarán xuros de mora durante o período transcorrido entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de abril de 2020.
- Amplíanse ata o 30 de abril os prazos para interpoñer recursos e reclamacións.
- O prazo voluntario de ingreso das autoliquidacións polo imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (plusvalía), rematará o último día do mes seguinte ao levantamento do estado de alarma.
- Amplíase o período de pagamento voluntario do IVTM, **cemiterios municipais, vaos e caixeiros** ata o 1 de xuño. Para poder realizar o pagamento do recibo entre o 1 de maio e o 1 de xuño, sen recarga do 5%, deberá solicitarse un duplicado mediante o envío dun correo electrónico a recadacion@oleiros.org, indicando os datos do titular e a referencia do recibo. Con certificado dixital, pode descargarse un duplicado ou pagarse a través da sede electrónica, na páxina web do Concello.
- Amplíase o período de pagamento voluntario do IBI urbano, IBI rústico e IAE, desde o 15 de setembro ata o 30 de novembro. Os recibos domiciliados cargaránse o 2 de novembro
- A taxa por utilización privativa do dominio público con mesas e cadeiras (terrazas) minorarase polo período correspondente ao estado de alarma. No caso de ter realizado o pagamento, poderase solicitar a devolución da parte correspondente ao dito período.
- Amplíase ata o 5 de maio o pagamento das cotas dos aprazamentos ou fraccionamentos que venzan o 20 de marzo, 6 de abril e 20 de abril.
- Amplíase ao 30 de abril de 2020 o cargo das domiciliacións correspondentes ao mes de abril dos postos do mercado municipal de Perillo e do aluguer das naves do Viveiro de Empresas do Polígono de Iñás. Aquelas empresas ou comercios que tivesen que cesar a súa actividade durante o estado de alarma, poderán solicitar a suspensión do contrato e a exención do pagamento do canon durante o período que dure este.

O Concello de Oleiros axudará a aqueles cidadáns que non poidan facer fronte aos pagamentos. Analizarase caso por caso as necesidades de cada familia que o precise.

A pandemia obriga a cancelar todas as actividades municipais

■ Desde que se decretou o Estado de Alarma, todas as actividades e programas deportivos e culturais tiveron que ser cancelados. En todos os casos que sexa posible intentaranse realizar unha vez o permitan as autoridades.

- Programa Ocioleiros
- Romaría das Merendiñas (sábado 6 de xuño nas Torres de Santa Cruz)
- Festival XX aniversario da Escola Municipal de Danza
- XV Festival de Bandas do Concello de Oleiros
- Teatro: O meu mundo non é deste reino (sábado 9 de maio, Auditorio Gabriel García Márquez)
- Teatro infantil: As pitas baixo a choiva (domingo 10 de maio, na Fábrica)
- Danza: Médula (sábado 9 de maio, Auditorio Gabriel García Márquez)
- Festival Falando a Boca Chea
- Rutas do programa Andares por Galicia
- Festa da Lingua (sábado 16 de maio nas Torres de Santa Cruz)
- Festivais de fin de curso da Escola Municipal de Música
- Festivais de fin de curso da Escola Municipal de Danza
- Festivais de fin de curso da Escola Municipal de Teatro
- Concerto XX Aniversario da Escola Municipal de Música
- Foliada tradicional de grupo foclóricos (domingo 7 de xuño nas Torres de Santa Cruz)
- Programa aprendemos na natureza (excursións para o alumnado dos centros de ensino público)
- Contacontos e obradoiros para nenos e nenas nas bibliotecas municipais
- Actividades de promoción da lectura para o alumnado dos centros de ensino público
- Roteiro cultural e literario
- Actividades de Normalización Lingüística para os centros Quen dis que era Carvalho Calero? e O chineiro da tía María
- Obradoiro de Primavera no Museo Os Oleiros
- Actividades do Día Internacional dos Museos no Museo Os Oleiros
- Obradoiro de conservación e restauración no Museo Os Oleiros
- Obradoiro de confección de moldes de cerámica no Museo Os Oleiros
- Obradoiro de xoiería no Museo Os Oleiros
- Programa Ven e Descubre
- Programa de actividades A Porta Violeta
- Obradoiro un pracer coñecerme
- Obradoiro Móvete+
- Charla de Alimentación saudable
- Obradoiro de Cabaré
- II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros
- Cursos de Alfabetización Dixital
- Actividades do Voluntariado de Oleiros
- Actividades de Envellecemento activo
- Programa de actividades de lecer para persoas con diversidade funcional
- Programa complementario de Educación Física para o alumnado dos centros de ensino público
- Escola Municipal de Surf
- Programa Xuvenil de actividade física para a saúde "Xovenforma"
- Programa de Actividade Física para a saúde "Oleiros en Forma"
- Programa municipal de actividade acuática escolar
- Trofeo Concello de Oleiros de Natación sincronizada (Piscina de Inef, 25 de abril)
- Triatlón Concello de Oleiros (Mera, 23 de maio)
- Trofeo Concello de Oleiros de Ximnasia Rítmica (Pavillón da Rabadeira, 13 de xuño)

*As festas de Santo Antón, que tiñan previsto organizar os veciños de Dexo os días 12, 13 e 14 de xuño, tamén foron canceladas

A través da páxina web municipal, dos paneis electrónicos e da radio municipal informarase sobre a reanudación de todas as programacións e as novas datas das actividades.

As cotas das piscinas municipais correspondentes aos días do mes de marzo no que estiveron pechadas devolveranse mediante compensación no recibo do primeiro mes no que se recupere a actividade. Coas Escolas Municipais de Música, Danza e Teatro aplicarase a mesma solución.

O Concello demolerá as vivendas da praia de Bastiagueiro Pequeno ▼



◆ Co pagamento previo aos seus respectivos propietarios, foron adquiridas e posteriormente desaloxadas as 3 vivendas que se atopaban fóra de ordenación urbanística que están situadas sobre a praia de Bastiagueiro Pequeno, incluídas no parque público costeiro. O Concello procederá á demolición das casas, galpóns e peches existentes para a inclusión destes terreos no ámbito do parque.

Dado que a lei permite que nos parques públicos haxa instalacións de servizos á cidadanía, o Concello estudará a posibilidade de deixar algún dos espazos construídos.

Unha vez que se realicen as demolicións, axardinárase a zona e recuperárase medioambientalmente todo este espazo entre a praia e o parque.

Oleiros queda totalmente conectado con Coruxo por beirarrúas ▼



◆ Están a rematar as obras de construción de beirarrúas na avenida de Venezuela, nos tramos nos que se carecía delas. Esta obra terá continuidade na rúa do Souto, desde Coruxo ata As Torres de Santa Cruz, con outra obra de construción de beirarrúas en ambas marxes da estrada que se realizará ao longo deste ano.

As obras de urbanización de Xaz dotan de carril bici e beirarrúas a parte da estrada Dorneda-Oleiros ▼



◆ Avanzan a bo ritmo as obras de creación da urbanización de Xaz, en Dorneda. Entre as numerosas actuacións e cesións ao patrimonio público municipal, están a construción de carril bici e beirarrúas na estrada que une Dorneda e Oleiros.

Mellórase a seguridade viaria en San Bartolomé de las Casas ▼

◆ O Concello procedeu á construción dun tramo de beirarrúa na rúa San Bartolomé de las Casas, en Nós. Con esta actuación pretende incrementarse a seguridade de peóns e condutores nesta rúa que veu incrementado o tráfico a raíz da ampliación da rúa Seara, co tráfico de Cambre.




Novo solo no paseo da ría



◆ Está a substituírse a madeira do solo do paseo da ría por un novo pavimento máis duradeiro e cun mantemento menos custoso. Esta actuación abrangue o tramo desde Beiramar ata Santa Cristina e ascende a 348.995,45 euros.

Ampliáanse as zonas verdes públicas no centro de Oleiros



◆ Finalizaron as obras de urbanización no centro da capital do municipio, que permitiron a apertura dun novo espazo verde público para o uso e gozo de toda a cidadanía. Ademais da ampliación da praza da Rabadeira, a nova zona verde acaba por consolidar un gran parque público polos catro costados da Casa do Concello. Conserváronse as árbores xa existentes neste terreo, ademais de plantar outras novas.

Renóvase o pavimento da Lagoa de Mera ▼

◆ Atópanse en execución as obras de substitución das lousas por un novo solo de xabre-cemento. Desta maneira, pretende evitarse a degradación que sufría o pavimento ante a constante rotura provocada pola entrada de vehículos con motivo das distintas actividades que se desenvolven neste parque. Conservarase a pedra no carril central e as lousas arredor da pista polideportiva.



A construción do novo parque infantil de Perillo ascende a 126.686 euros

◆ Nos próximos días está previsto o inicio das obras dun novo parque infantil en Perillo, no parque da Barreira, que substituirá ao que se atopaba xunto á polideportiva da avenida da II República, que estaba nunha zona moi sombría. Neste novo lugar, ademais de estar rodeado por un espazo verde público de 10.988 metros cadrados, contará con máis xogos que serán completamente novos.

A piques de finalizar as obras de restauración no peirao de Mera



◆ Ante as demandas do Goberno municipal, Portos de Galicia realizou por procedemento de urxencia as obras de reparación do porto de Mera. Ademais de reparar os importantes focos e afundimentos que había por toda a rampla, reforzáronse os muros exteriores que tamén se atopaban seriamente danados.

Solicitada unha nova ponte en Iñás para evitar asolagamentos en Arenaza



◆ O Concello solicitou á Deputación da Coruña que reforme a ponte de Arenaza para poder aumentar a sección do actual desaugadoiro. Para rematar cos episodios puntuais de inundacións e desbordamentos nesta zona, e ante o incremento das augas procedentes da recollida da nova fase da vía Ártabra, faise preciso esta actuación que lle corresponde realizar á Deputación por tratarse dunha ponte que atravesa unha estrada da súa titularidade. Cada vez que chove con intensidade varias vivendas quedan anegadas.

O Concello demanda a Costas a urxente reparación do noiro do Xunqueiro



◆ A forza do mar provocou importantes desprendementos na costa de Oleiros. No Xunqueiro e nas Galeras as ondas arrancaron máis de 900 metros cadrados de parques públicos. Requiriuse á Dirección Xeral de Costas o arranxo dos desprendementos. As zonas están sinalizadas de maneira provisional, pero é urxente a consolidación destes noiros.

Unha praga está atacando as palmeiras



◆ Aquelas persoas que teñan nas súas propiedades algunha palmeira infectada co picudo vermello están obrigadas a eliminaras a través dunha empresa especializada, tal e como estipula a Consellería de Medio Ambiente. Para evitar a desaparición da totalidade das palmeiras do municipio, como xa aconteceu en moitas localidades da provincia de Pontevedra, é imprescindible unha actuación inmediata ante esta praga.




Comezan os trámites para a adquisición do solo necesario para o paseo fluvial do río de San Pedro

• A senda, de máis de 3 km, irá desde Iñas ata O Seixal ▼

◆ O Concello de Oleiros abriu un prazo de información a todos os propietarios e propietarias dos terreos afectados polo proxecto do paseo fluvial que afecta ás parroquias de Iñas e Nós. Este é un paso previo para proceder á adquisición dos terreos necesarios en ambas marxes do río. Ultimado este proceso, cabe agardar que a Unión Europea financie as obras.

Este paseo permitirá aos veciños de Iñas e Nós transitar entre ambas parroquias, afastados dos perigos e do ruído da N-VI. Ademais converterase nunha nova zona de ocio e divertimento, da que gozarán principalmente os veciños e veciñas de Iñas e Nós.

O proxecto contempla a creación de diferentes espazos ao longo de todo o río, con zonas de descanso, sendas secundarias, accesos e aparcadoiros.



■ INFORMACIÓN ÁS PERSOAS PROPIETARIAS ▼

Ante a demanda de información por parte de numerosos veciños e veciñas, que foron notificados previamente por carta polo Departamento de Urbanismo, unha técnica municipal informou e explicou persoalmente, na Casa do Concello, a todos os veciños e veciñas afectadas os detalles do proxecto de xeito individualizado.

Aprobado o informe do impacto ambiental para a ampliación da ponte da Pasaxe

■ **Haberá catro carrís para cada sentido de circulación**



O Boletín Oficial do Estado publicou o pasado 9 de marzo o informe favorable do Ministerio de Transición Ecolóxica para a realización desta obra. Agora, o Ministerio de Fomento está en disposición de aprobar definitivamente o proxecto para posteriormente iniciar o proceso de licitación e realizar a adxudicación.

O principal cambio na zona de Santa Cristina será a creación dun paso subterráneo, baixo a actual rotonda, para mellorar a fluidez do tráfico dirección Santa Cruz. Para isto, haberá que demoler e volver construír un paso elevado sobre a N-VI.



Se non se producen retrasos, a ampliación da ponte podería saír a contratación no ano 2022.

Para evitar colapsos circulatorios, esta obra non podería coincidir no tempo coa do túnel de Sol y Mar, que comezará no presente ano.



No lado da Coruña, crearase un acceso directo para o tráfico procedente das Xubias. Un novo viaduto conectará directamente coa ponte, sen atranco de ningún tipo para a circulación.

O Concello de Oleiros demanda a contratación inmediata do dragado da ría

◆ Os 20 millóns de euros procedentes de fondos europeos correspondentes á Xunta de Galicia para obras de saneamento xa poden ser empregados para o dragado da ría da Pasaxe, tal e como informou o propio organismo autonómico. Dado que o orzamento do Estado que está neste momento en vigor conta cunha partida de 26 millóns para esta actuación, sería posible iniciar a licitación desta obra sen máis dilacións, que ten un custo total de 46 millóns de euros.

A crise do coronavirus non debería impedir realizar unha obra para a que hai fondos exclusivos e que permitiría dinamizar a economía, tanto co emprego que xeraría a súa realización, como coa mellora da produción marisqueira da ría. Esta obra tamén inclúe a creación e comunicación dos paseos de Perillo, Cambre e Culleredo.

A Xunta reclámalle o custo da construción do ramal que conecta Oleiros coa vía Ártabra aos propietarios colindantes ▼

■ A Consellería de Facenda interpuxo un recurso contencioso administrativo contra o Concello de Oleiros por aprobar o proxecto de compensación promovido polas persoas propietarias dos terreos do SUD-7, comprendidos entre a rotonda das olas e a piscina municipal. Aos veciños e veciñas promotores desta actuación, constituídos en Xunta de Compensación para o desenvolvemento do solo urbanizable, a Xunta reclámalles 664.758,88 euros, que segundo o organismo autonómico é o que custou o tramo autonómico da Vía-20 (conexión Oleiros-vía Ártabra) executado entre os anos 2009 e 2013.



◆ A vía Ártabra, incluída no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, aprobado en 2004 pola Xunta, foi executada neste tramo da parroquia de Oleiros mediante a cesión gratuita do solo á Consellería de Ordenación do Territorio por parte dos propietarios e propietarias, renunciando a Xunta ao aproveitamento urbanístico correspondente. Este tramo de estrada aparece no Plan parcial, executado en base ao establecido no Plan xeral como SUD-7. As persoas propietarias deste solo urbanizable tamén cederon gratuitamente no seu día á Consellería

de Sanidade os terreos para a construción do Centro de Saúde da Covada e á Consellería de Educación o solo para a ampliación da escola pública A Rabadeira.

A decisión da Xunta de Galicia de paralizar a actuación urbanística está a crear inseguridade xurídica. Para reconducir a situación provocada polos servizos técnicos da Xunta de Galicia, o alcalde ten solicitada unha reunión urxente co conselleiro de Facenda.

A xustiza dálle a razón ao Concello ante as ilegalidades e abusos de Fenosa ▼

■ **A compañía eléctrica obrigada a pagar 110.581 euros ás arcas municipais**

O xulgado de primeira instancia emitiu recentemente unha sentenza sobre a denuncia presentada polo Concello de Oleiros contra Unión Fenosa Distribución S.A. por invadir unha parcela de uso público pertencente ao Parque metropolitano, xunto á Igrexa de Liáns. A sentenza acepta a demanda e condena a Fenosa a pagarlle ao Concello 31.215 euros -máis os xuros desde o 11 de agosto de 2017- polos danos causados. Ademais, Fenosa tivo que pagar os 76.366 euros correspondentes á sanción municipal de tala ilegal.



◆ Os feitos denunciados polo Concello de Oleiros ocorreron en marzo de 2017. Unha empresa que traballaba para Fenosa procedeu a arrasar a zona húmida lindeira co regato que desemboca na praia de Bastiagueiro cortando numerosas árbores de río e estragando parte do céspede do parque público.

Fenosa pretendía amparar esta actuación na Lei de montes de Galicia e na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que permite a Fenosa cortar piñeiros e eucaliptos de determinada altura nunha franxa de 5 metros a cada lado da rede de media tensión. As árbores que foron cortadas na zona húmida de Liáns non están recollidas en ningunha desas leis.

Ademais desta sentenza favorable, o Concello tamén sancionou con 3.000 euros a esta compañía por non realizar o soterramento da rede eléctrica no centro urbano de Oleiros, a pesar de que o Concello fixera a canalización necesaria para o servizo.

Este tipo de actuacións de Fenosa poden afectar tamén a veciños e veciñas a título particular nas súas propiedades. Moitos cidadáns e cidadás non denuncian estes feitos por crer que non van ser atendidos ou por non afrontar gastos xudiciais, pero deberían facelo para acabar con este tipo de asoballamentos e actuacións ilegais.

O novo parque costeiro de Bastiagueiro ► levará o nome das Trece Rosas



◆ Nas vindeiras semanas procederase a inaugurar o nova zona verde costeira de Bastiagueiro que se denominará parque das Trece Rosas. Este novo espazo público converterá en parque toda a franxa costeira desde o Hotel Portocobo ata a praia de Bastiagueiro, ocupando 138.000 metros.

Coa denominación das Trece Rosas, o Concello de Oleiros pretende render homenaxe e honrar a memoria destas trece mulleres asasinadas por defender a liberdade, a democracia, a república e os dereitos dos traballadores e traballadoras. O 5 de agosto de 1939, coa Guerra Civil xa rematada, o réxime franquista fusilou a **Carmen Barrero Aguado** (29 anos), **Martina Barroso García** (24 anos), **Blanca Brisac Vázquez** (29 anos), **Pilar Bueno Ibáñez** (27 anos), **Julia Conesa Conesa** (19 anos), **Adelina García Casillas** (19 anos), **Elena Gil Olaya** (20 anos), **Virtudes González García** (18 anos), **Ana López Gallego** (21 anos), **Joaquina López Laffite** (23 anos), **Dionisia Manzanero Salas** (20 anos), **Victoria Muñoz García** (18 anos) e **Luisa Rodríguez de la Fuente** (18 anos). Neste novo espazo público aberto ao goce de todos os cidadáns, instalárase unha escultura alegórica dunha muller que simboliza a liberdade e a loita pola democracia destas mulleres.

Reapertura da ► Casa do Arxentino

◆ O restaurante-hotel municipal de Mera, a Casa do Arxentino, está novamente aberto ao público. Os actuais concesionarios ofrecen unha cociña de calidade e 6 habitacións dobres para posibles visitantes. Esta é unha instalación hostaleira necesaria para as posibilidades turísticas de Mera.




Oleiros, centro da cultura coa homenaxe do pobo galego a Isaac Díaz Pardo

◆ A praza de Esther Pita acollerá en próximas datas un importante acto de homenaxe á figura de Isaac Díaz Pardo, que contará coa participación de relevantes personalidades da cultura galega. Ademais inaugurarase unha exposición permanente no castelo que contará cunha escultura de Paco Díaz, formada por pezas ensambladas dunha ampla representación de oleiros e ceramistas galegos, e cun conxunto artístico de achegas literarias, fotográficas, pictóricas e musicais inéditas relacionadas con Díaz Pardo.

Isaac Díaz Pardo é unha das persoas galegas máis relevantes do século XX. O alcance e dimensión deste creador, sabio e erudito é universal. En tempos escuros, iluminou Galicia coa súa obra. A recuperación histórica, técnica e artística de Sargadelos é a mellor proba diso.

Díaz Pardo tiña unha forte vinculación con Oleiros, que segue a estar moi viva. Sempre amosou unha grande querenza polo municipio, atendendo con xenerosidade todas as chamadas e convites realizados.



A exposición *Vida na Ponte Pasaxe*, proximamente na Fábrica e no parque José Martí

◆ *Vida na Ponte da Pasaxe* é unha obra fotográfica de Daniel Vieito, composta por diversas fotografías tomadas no asentamento chabolista que se atopa na ría. Está previsto a celebración dun acto de presentación desta mostra, que incluírá a proxección dun documental que recolle as conversas gravadas coas persoas que viven neste poboado. Esta exposición ten o obxectivo de poder amosar a vida, pero a vida de verdade.



O Concello coopera cun centro de acollida de persoas refuxiadas en México

◆ O albergue Casa do Peregrino Migrante en Huichapan, Hidalgo, a 150 km da cidade de México, contará coa colaboración do Concello de Oleiros para a impermeabilización e pintura desta instalación, a construción dun consultorio, a creación de habitacións para os voluntarios e dotación de baños e duchas. Neste centro, que dirixe a orde Xesuíta, proporcionarase aloxamento e alimentación a xente migrante ao seu paso por México.

COLABORA CO OPEN ARMS



AXUDA A SALVAR VIDAS NO MEDITERRÁNEO

www.openarms.es

O Concello de Oleiros concede 270.000 euros en subvencións a entidades do municipio ▼

■ O Concello aprobou a concesión das subvencións solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro, atendendo ás normas de concorrencia competitiva determinadas nas bases da convocatoria. En total repártense 271.648,40 euros entre as entidades. As ANPA e os centros de ensino público reciben, practicamente, a metade das axudas.



Centros de ensino público: 69.044 euros

ENTIDADE	Subvención
■ CEIP A Rabadeira:	7.100
■ CEIP Valle Inclán:	9.130
■ IES María Casares:	15.502
■ IES Miraflores:	9.898
■ IES Xosé Neira Vilas:	9.128
■ CEIP Isidro Parga Pondal:	7.660
■ CEIP Juana de Vega:	6.512
■ CEIP Luís Seoane:	7.114

Asociacións de veciños: 23.562,35 euros

ENTIDADE	Subvención
■ AVV A Ría:	4.398,07
■ AVV Os Rueiros:	5.414,59
■ AVV San Antón:	3.933,29
■ AVV Santaia:	5.673,63
■ AVV San Cosme:	4.142,77

Entidades culturais e comisións de festas: 26.323,25 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Agrupación Artística Cultural Semente Nova:	1.000
■ Agrupación Cultural A Marola:	2.130,30
■ AC Coral Lembranzas de Santa Cruz:	1.884,35
■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana:	947,32
■ Centro Cultural e Instructivo:	1.209,16
■ Coral Polifónica de Mera:	1.808,60
■ SCR Amigos de Lorbé:	3.174,88
■ ACDRVP Rosario de Dorneda:	3.457,29
■ Os Decanos Hogar Municipal 3ª Edad:	1.183,92
■ Coral Airiños de Nós:	1.620,64
■ A.C. O Amanexo:	1.242,83
■ A.C. Pensionistas de Mera:	536,78
■ Coro de Oleiros:	1.692,64
■ AC Cofradía de Santa Ana de Mera:	3.000
■ Agrupación Folclórica Folliañas:	1.226
■ A.C.L.D. A Pezoca:	208,54

◆ No caso dos clubs, outórganse en relación coas actividades que desenvolven e co número de persoas participantes. Polo uso de pavillóns, pistas, ximnasiaos e campos de fútbol o Concello non cobra.

Anpa: 65.518,80 euros

ENTIDADE	Subvención
■ ANPA Bidueiro:	6.741,27
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luís Seoane):	24.048,46
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán:	27.417,49
■ ANPA Arce do IES Xosé Neira Vilas:	3.324,11
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores:	1.299,48
■ ANPA CEIP Nós:	1.337,99
■ ANPA Os Pazos do IES María Casares:	1.350

Clubs de fútbol: 45.520 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Club Atlético San Pedro:	8.820
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	5.650
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros:	6.390
■ Hércules SDC:	1.600
■ Marino de Mera CF:	4.790
■ Unión Campestre FC:	9.000
■ Club Atlético Perillo:	940
■ AD Cristo Rey:	5.050
■ Club Xuventude de Dorneda:	1.680
■ Mercurio de Iñas SD:	1.600

Entidades deportivas: 41.680 euros

ENTIDADE	Subvención
■ SCD Rabadeira:	3.029,87
■ Club Breogán:	2.122,79
■ Club Mera FS:	1.319,55
■ Club Patinaxe Oleiros:	3.070,45
■ Club de Regatas Perillo:	5.485,85
■ Centro Deportivo Mariñeiro de Mera:	5.933,25
■ Escola Ximnasia Acordes:	3.073,28
■ Club de Tenis La Coruña:	1.770,73
■ Judo Club Oleiros:	2.389,91
■ Club Acuatic Oleiros:	3.290,38
■ Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude:	2.429,56
■ Club Hóckey Oleiros:	2.817,49
■ Club Voleibol Oleiros:	2.216,24
■ Club Balonmano Atlántico:	1.491,34
■ Club Running Oleiros:	1.239,32

Antonio Sandino proclámase campión de España e de Galicia de judo ▼



◆ Non podía comezar mellor o ano para Antonio Sandino que con dous grandes triunfos. Primeiro conquistou o campionato de Galicia e semanas despois converteuse en campión de España. Sandino, que compite na categoría júnior de menos de 100 kg, tamén conseguiu unha medalla de bronce na Copa de España. Ademais, os seus compañeiros Sabela Lage e Javier Plaza acadaron unha medalla no Campionato de Galicia júnior.

Os veteranos do Club de Regatas Perillo vencen en Orio ▼



◆ O equipo de veteranos do Club de Regatas Salgado Perillo conseguiu a vitoria no descenso de traíneiras do río Oria, en Guipúscoa. A traíneira oleirense bateu o mellor tempo rexistrado en todas as edicións anteriores e venceu con claridade nesta prestixiosa regata, a máis importante de cantas se celebran no inverno en todo o Cantábrico.

Un concello vivo

Toni Ripoll, campión de España de vela ▶

◆ O regatista dos Regos, Toni Ripoll, volveu triunfar na modalidade 470. Nesta ocasión foi no Campionato de España celebrado en Mallorca, na categoría SUB-24, conseguindo vencer a todos os demais rivais. Xunto co seu compañeiro Jacobo García, Ripoll subiu novamente ao máis alto do podio.



Vladimir Zapparov e Diego Fernández triunfan no Campionato de España de Taekwondo ▼



◆ Os taekwondistas oleirenses Vladimir Zapparov e Diego Fernández subiron ao podio no Campionato de España de clubs celebrado en Alacante. Zapparov proclamouse campión e Diego Fernández conseguiu a medalla de bronce. Ambos competiron en categoría infantil.



Leo Ferreiro campión galego de natación

◆ O pasado mes de febreiro, o prometedor nadador oleirense Leo Ferreiro conquistou o Campionato Galego de Natación en 100 metros estilos. Ademais logrou dúas medallas de bronce nos 100 e nos 200 metros braza. Ferreiro compite en categoría alevín.

As escolas municipais artísticas ofrecen ▼ 1.175 prazas para o vindeiro curso



◆ As escolas municipais de danza, música e teatro abrirán proximamente o prazo de preinscrición de novos alumnos. Para realizar os correspondentes trámites, as persoas interesadas deberán dirixirse ás secretarías das escolas de 17.00 a 20.00 horas. Para máis información poderán chamar ao teléfono 981 639 688 do Centro Municipal de Artes Escénicas, e ao teléfono 981 639 143 da Escola Municipal de Música.

● Para o vindeiro curso escolar 2020-2021 ofértanse un total de 455 prazas para a Escola de Danza, 460 para a Escola de Música e 260 para a Escola de teatro.

Entréganse os premios do concurso Descubriendo ◀ Oleiros



◆ O pasado 23 de febreiro, coincidindo coa véspera do Día de Rosalía, realizouse o acto de entrega do VI Premio Literario Descubriendo Oleiros. **Kyra Saavedra Escalante**, polo conto *A gata Ágata*; **María González Blanco**, polo texto *As sete aventuras*; **Inés Santiago García**, polo conto *O carballo e a cadela Pepa*; **Pablo Rodríguez Gagino**, polo relato *O xardín encantado*; **Andrea González López**, polo o texto *Noutra vida*; e **Elena Fernández Vázquez**, polo texto *Un día máis en Oleiros* foron os gañadores deste concurso. Ademais, o Concello editou un libro que recolle os textos premiados nas tres últimas edicións.

As persoas maiores dos obradoiros de memoria dan clases de historia local nas aulas de primaria ▶



■ Puri, Toñuca, Dora, Lola e Pilar impartiron clase de historia de Santa Cruz no Parga Pondal

◆ Os colexios Isidro Parga Pondal de Santa Cruz, A Rabadeira de Oleiros e Valle Inclán de Perillo recibiron as visitas das mulleres que participan nos obradoiros de memoria do Concello de Oleiros. Os estudantes de 3º e 4º de primaria descubriron nestas sesións como eran as súas localidades hai máis de 50 anos.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Sempre coa sanidade pública

Que poderíamos facer a partir de agora para conseguir que este fose un lugar mellor, máis xusto? Súmome aos aplausos, ao recoñecemento ás/ós traballadoras/es e sanitarias/os e a pedir que lles dean unha paga extra cando todo isto termine. Pero tamén recordo a última manifestación a favor da sanidade pública en Santiago de Compostela. Eramos centos de persoas, pero podíamos ser moitas máis.

Só espero que non teña que volver facer falta que nos manifestemos por recortes en algo tan imprescindible e necesario, e no caso de que fose preciso, que ese día, enchémosas as rúas. Todas as persoas que hoxe gritan e claman pola sanidade, que aplauden e que piden medios, que tamén saian a defendela con uñas e dentes. Para non ter que volver lamentarnos e a recordar a frase... "daquelas tesoiradas, estas feridas".

F. C. L. – Liáns

Grazas alcalde

Con motivo deste confinamento os nosos nenos e nenas están a sufrir moitísimo. Recluídos en pisos pequenos, en moitos casos, sen poder relacionarse cos seus amigos e amigas, sen rutinas... É unha situación moi complicada e angustiada tanto para eles, como para nós.

Dáse a circunstancia de que o meu fillo cumpría 10 anos estes días de illamento. Vendo que non podía celebralo como a todos nos gustaría enviei unha solicitude ao Concello por se podía felicitalo desde un coche policial.

Para a miña sorpresa respondeume o propio alcalde. Explicoume que non era posible o que solicitaba porque a Policía Local non podía felicitar a todos os nenos e nenas que cumprían anos durante o Estado de Alarma e desatender as súas importantes funcións de velar polo cumprimento do confinamento, para poder superar esta crise canto antes. Totalmente lóxico, por certo.

O que quería destacar é que o alcalde ofreceume a posibilidade de felicitar el mesmo por teléfono ao meu fillo, que a pesar de ter 10 anos si coñece ao alcalde das actividades da Escola Mu-

nicipal de Música e dunha visita que realizaron ao consistorio. Pareceume un detalle moi humano que me gustaría agradecer e difundir publicamente.

Lucía Regueiro – Perillo

Jaque mate

Estamos en vésperas da gran revolución dixital. A tecnoloxía 5G vai acelerar profundamente a conexión ás redes de todo tipo de elementos. Se xa agora ordenadores, móbiles, televisores e moitos outros elementos dependen do acceso a internet, no novo mundo que se avexia absolutamente todo estará dixitalizado: electrodomésticos, medios de transporte, comercio, ferramentas...

China e EEUU manteñen unha competición feroz por ser os primeiros en poder ofrecer esa tecnoloxía ao menor prezo. Os réditos económicos son incalculables. Pero o que realmente está en xogo é o dominio do mundo. A potencia que manexa as redes 5G pasará a ter un control practicamente total do planeta e de toda a cidadanía, moi superior ao que exerceu e segue a ostentar na actualidade os EEUU mediante as principais tecnoloxías do mundo.

China, a través de Huawei e outras compañías, está en disposición de comezar a vender 5G a curto prazo. EEUU vai con retraso e podería tardar un par de anos en poder ofrecer esta tecnoloxía ao prezo chino. Os americanos fracasaron con algunhas das medidas comerciais que adoptaron contra China e contra a propia Huawei e necesitan tempo.

En crear conflitos bélicos e perpetrar golpes de Estado sanguinarios xa son mestres. Na manipulación da opinión pública a través das redes tamén, e non poden perder esa baza. Exemplos recentes como a chegada de Trump á presidencia, o Brexit, a vitoria de Bolsonaro no Brasil amosan que baixo o control que teñen dos medios dixitais obteñen determinados datos para saber de que maneira é posible modificar condutas para conseguir determinadas reaccións entre a poboación. Está todo calculado.

O pasado mes de outubro a cidade china de Wuhan acolleu os VII Xogos Mundiais Militares, nos que participaron 9.603 atletas representando a 104 países, entre os que estaba unha

representación do exército americano. Parte da expedición estadounidense e o persoal do hotel no que se aloxaban sufriu unha estraña pneumonía, era COVID-19. Os medios de comunicación ocultaron estes sucesos e realizaron unha forte campaña a nivel mundial para censurar e silenciar calquera información que relacionase a orixe do coronavirus con Estados Unidos.

Pois mentres o mundo se para, Estados Unidos gana tempo. E ademais de ganar tempo, compran a prezo de saldo, xogan co valor das materias primas ao seu antollo, realizan todo tipo de xogos especulativos e avanza na súa globalización. E como xa están de paso, pois aproveitan tamén para dinamitar socialmente determinados países como o noso, con Gobernos non afíns, para deixarlle a pista libre para un forte despegue dos partidos populistas, que eles mesmo dirixen.

Mariña C. C. – Mera

A maxia de Dexo

Hai un lugar neste mundo onde eu son realmente libre. É un refuxio ao que vou cando necesito escapar dos malos pensamentos e o estrés da rutina.

Alí, nos días de tormenta, a forza do mar e a choiva é tan forte que cando aumenta a marea e hai ondas, a auga atravesa o interior das rochas erosionadas cara ao exterior, son as Furnas.

Ten tres luces; durante o día o sol, porén, á noite temos dúas, os inseparables faros de Mera.

É un lugar tan máxico que se miras cara ao horizonte, podes ver unha illa con forma de tartaruga xigante, A Marola, "quen pasou a Marola, pasou a mar toda".

Ten unha fermosa e granítica cicatriz branca que leva por nome Seixo Branco.

É un lugar tan máxico que uns pobres golfiños despistados quedaron petrificados cando saltaron no Porto de Dexo.

Podo dicir, abofé, que se ides cun mozo ou unha moza haberá algo de paixón debido á herba de namorar que forma parte da flora autóctona.

Neste Monumento Natural, todo é maxia.

Jorge Valdés – Dorneda

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	7 maio / 6 xuño / 5 xullo
Mingua	14 maio / 13 xuño / 12 xullo
Nova	22 maio / 21 xuño / 20 xullo
Medra	30 abril / 29 maio / 28 xuño

ENTREXARDINS / COSTA DA PALLOZA / ESTACIÓN DE AUTOBUSES DA CORUÑA / GAITEIRA / OS CASTROS / CHUAC/MATERNAL INFANTIL / XESUITAS / PONTE PASAXE

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
FONTECULLER • O BURGO • SAN PEDRO					
06:20 h - 20:50 h	cada 15'	luns - venres	cada 15'	07:00 h - 21:00 h	
20:50 h - 22:20 h	cada 30'	luns - venres	cada 30'	21:30 h - 22:30 h	
06:50 h - 22:20 h	cada 30'	sa./dom./fest.	cada 30'	07:30 h - 23:00 h	

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • SAN PEDRO • O CARBALLO • OLEIROS • SADA					
06:45 h - 20:45 h	cada hora	luns - venres	cada hora	06:55 h - 20:55 h	
21:50 h	último	luns - venres	último	22:00 h	
06:45 h - 20:45 h	cada 2 horas	sábados	cada 2 horas	07:55 h - 19:55 h	
		sábados	último	22:00 h	
08:45 h - 20:45 h	cada 2 horas	dom./fest.	cada 2 horas	09:55 h - 19:55 h	
		dom./fest.	último	22:00 h	

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • SADA					
06:15 h - 21:15 h	cada hora	luns - venres	cada hora	06:20 h - 21:20 h	
06:15 h		sábados			
08:15 h - 20:15 h	cada hora	sábados	cada hora	07:20 h - 21:20 h	
21:50 h	último	sábados			
08:15 h - 20:15 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	08:20 h - 21:20 h	
21:50 h	último	dom./fest.			

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
172 PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA					
06:35 h - 21:35 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:15 h - 22:15 h	
06:55 h - 21:55 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:55 h - 20:55 h	
			último	22:35 h	
08:35 h - 20:35 h	cada hora	sábados	cada hora	09:15 h - 21:15 h	
09:35 h - 20:35 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	10:15 h - 21:15 h	
172A PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA • DORNEDA • POUSADA					
07:55 h - 10:55 h - 13:55 h		luns - venres	08:45 h - 11:45 h - 14:45 h		
15:55 h e 18:55 h		luns - venres	16:45 h - 19:45 h		
172B PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA • DORNEDA • POUSADA • SOÑEIRO					
06:55 h - 12:55 h - 19:55 h		luns - venres	07:40 h - 13:40 h e 20:40 h		

ENTREXARDINS / COSTA DA PALLOZA / GAITEIRA / OS CASTROS / CHUAC / MATERNAL INFANTIL / XESUITAS / PONTE PASAXE

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS					
07:05 h - 22:05 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:30 h - 22:30 h	
08:05 h - 20:05 h	cada hora	sábados	cada hora	08:30 h - 20:30 h	
10:05 h - 20:05 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	10:30 h - 20:30 h	
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS • SOÑEIRO					
08:05 h e 14:05 h		sábados	08:26 h e 14:26 h		
10:05 h e 14:05 h		dom./fest.	10:26 h e 14:26 h		
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS • POUSADA					
11:05 h - 16:05 h e 19:05 h		sa./dom./fest.	11:30 h - 16:30 h e 19:30 h		

LORBÉ • O BURGO

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO					
07:00 h - 21:00 h	cada 2 horas	luns - venres	cada 2 horas	08:00 h - 20:00 h	

SADA • LORBÉ • DEXO • MERA • A CORUÑA | Eliseo Pita

> SAÍDAS de Sada CONCELLO

Días laborais: 06:30 h, 07:25 h, 08:30 h, 09:30 h, 10:30 h, 12:00 h, 13:00 h, 14:30 h, 15:30 h, 16:30 h, 17:30 h*, 18:30 h, 19:30 h e 21:00 h

Domingos e festivos: 8:30 h, 10:30 h, 12:30 h, 15:00 h, 16:30 h, 18:00 h*, 19:30 h e 21:00 h

(*): Non pasa por Dexo.

> SAÍDAS de A Coruña, ENTREXARDINS

Días laborais: 07:20 h, 08:30 h*, 09:30 h, 10:30 h*, 11:30 h, 13:00 h, 14:00 h, 15:30 h, 16:30 h, 17:30 h*, 18:30 h, 19:30 h, 20:30 h e 22:00 h

Domingos e festivos: 9:30 h, 11:30 h, 13:30 h, 16:00 h, 17:30 h, 19:00 h, 20:30 h e 22:00 h

(*): Non pasa por Dexo.

FARMACIAS DE GARDA

	Datas
▪ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440	Do 24 ao 30 de abril
▪ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liáns) • Teléfono: 981 614 184	Do 1 ao 7 de maio
▪ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 923 845	Do 8 ao 14 de maio
▪ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932	Do 15 ao 21 de maio
▪ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165	Do 22 ao 28 de maio
▪ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Centro comercial de Iñás) • Teléfono: 981 619 337	Do 29 de maio ao 4 de xuño
▪ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027	Do 5 ao 11 de xuño
▪ MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937	Do 12 ao 18 de xuño
▪ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024	Do 19 ao 25 de xuño
▪ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890	Do 26 de xuño ao 3 de xullo
▪ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 614 503	Del 3 al 9 de xullo

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro

981 187 200

Estación autobuses A Coruña

981 184 335

Estación FFCC San Cristovo

902 432 343



36.821 habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 20 de abril

DEXO (Santa María)	1.395
DORNEDA (San Martiño)	3.550
IÑÁS (San Xurxo)	1.271
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.662
MAIANCA (San Cosme)	1.527
NÓS (San Pedro)	4.774
OLEIROS (Santa María)	3.182
PERILLO (Santa Leocadia)	8.895
SERANTES (San Xulián)	1.565
TOTAL	36.821

O Concello continúa ao servizo de toda a cidadanía ▼

• *Cumprimos coa nosa obriga*

◆ Dentro das limitacións decretadas polo Goberno central, todo o persoal municipal segue a traballar e desenvolver as súas tarefas. Nuns casos desde a casa mediante medios electrónicos, e nos casos nos que non é posible no seu posto de traballo con todas as medidas de protección e por quendas, para reducir posibles contaxios.

O Concello segue a prestar todos os servizos esenciais que permiten as directrices do Estado ante a pandemia. O mantemento dos espazos públicos, das redes de auga e saneamento, dos parques e zonas verdes, da iluminación pública; os servizos de emerxencias e a Policía Local; os Servizos Sociais; a área Económica; ou as obras de mellora das infraestruturas públicas non poden paralizarse.

Todas as instalacións de titularidade municipal continuarán pechadas mentres dure o Estado de Alarma decretado polo Goberno central. A atención presencial está limitada a aqueles casos que razoadamente poidan ser considerados de urxencia, coa petición de cita previa pola persoa interesada. As consultas deben realizarse por vía telemática ou telefónica. O rexistro municipal tamén permanecerá pechado.

Para realizar calquera xestión co Concello de Oleiros o teléfono de atención é o 981 610 000.

Tamén é posible realizar numerosos trámites a través da Sede Electrónica.

Na web municipal están dispoñibles os correos electrónicos de todos os departamentos municipais.



O CONCELLO DE OLEIROS SEGUE AO TEU SERVIZO

Concello de  Oleiros

981 61 00 00

POLICÍA LOCAL E EMERXENCIAS 981 61 00 01

DIRECTORIO DE EXTENSIÓNS TELEFÓNICAS

▶ SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE	3500
▶ SERVICIOS MUNICIPAIS	4501
▶ ORDE PÚBLICO	1274
▶ RECADACIÓN	2807
▶ ALCALDÍA	1213
▶ ENSINO E XUVENTUDE	4903
▶ FORMACIÓN E EMPREGO	4602
▶ COMUNICACIÓN	1215
▶ OBRAS PÚBLICAS	2207
▶ RECURSOS HUMANOS	1143
▶ CULTURA	4915
▶ DEPORTES	4906
▶ BIBLIOTECAS	4701
▶ NOVAS TECNOLOXÍAS	2301

MÁIS TRÁMITES en www.oleiros.org